

Un **camiño**
é unha
oportunidade
para...

DATA, HORARIO E LUGAR

Do 19 ao 23 de febreiro
De 9.30 a 18.00

Hospedería San Martín Pinarío
Praza da Inmaculada nº 3
Santiago de Compostela

Prazas limitadas
(Unha ou varias xornadas a elixir)

Inscripción de balde en
galiciacaminoemprendedor.gal

...em
pren
der

A SEMANA “GALICIA, CAMIÑO EMPREENDEDOR”

Esta semana xorde como continuación e complemento ao evento “Galicia Camiño Emprendedor” celebrado en novembro do 2017 e ten coma obxectivo xeral achegar á Comunidade Autónoma de Galicia, aos seus autónomos e ao seu ecosistema emprendedor novas iniciativas, enfoques e metodoloxías que inspiren un modelo de emprendemento moderno e sostible.

O obxectivo principal das 5 xornadas programadas na semana do 19 ao 23 de febreiro de 2018 é o de contribuír a mellorar a reflexión ante as necesidades que comportan a posta en marcha e consolidación das iniciativas empresariais dos emprendedores/as galegos/as. A Fundación Ronsel promove estas xornadas, que coordina e co-financia a Xunta de Galicia.

Cada xornada traballará un tema de interese para calquera persoa que queira poñer en marcha e consolidar un negocio ou actividade empresarial, fomentando ademais o Networking e tendo, coma elemento de apoio, unha rede de mentores que a Fundación Ronsel, coa colaboración da Xunta de Galicia, ten posto en marcha en Galicia.

O público ao que se dirixe son autónomos, microempresarios e emprendedores en xeral, con o seu proxecto en marcha, con preferencia cara aqueles que se teñan visto favorecidos polas axudas de emprego autónomo promovidas pola Xunta de Galicia.

CARACTERÍSTICAS E HORARIO DE CADA XORNADA

A semana desenrolarase do luns 19 ao venres 23 de febreiro de 2018, ambos inclusive.

O aforo estará limitado a un máximo de 50 persoas por xornada. Neste senso, terán preferencia as persoas que se teñan favorecido polas axudas de emprego autónomo promovidas pola Xunta de Galicia.

9.30 h - 10 h **Recepción e acreditación dos asistentes.**

10 h - 14 h **Desenrolo da temática de cada xornada.**

14 h - 15 h **Xantar e Networking.**

15 h - 18 h **Pon un mentor na túa vida (actividade optativa).**

LUNS 19 **IDENTIFICA AS TÚAS COMPETENCIAS EMPREENDEDORAS**
“Un camiño é unha oportunidade para ... emprender”

Enumeración descritiva das 10 competencias emprendedoras recoñecidas polo programa de emprendemento das Nacións Unidas, seguindo o método de David McClelland, avaliado pola universidade de Harvard.

Competencias de LOGRO: a procura de oportunidades e iniciativa, persistencia, cumprimento dos compromisos, esixencia da calidade, eficiencia e toma de riscos calculados.

Competencias de AFILIACIÓN: fixación de metas, procura de información, planificación e seguimento sistemático.

Competencias de PODER: persuasión e redes de apoio, independencia e auto confianza.

Realización dun test de auto avaliación de competencias en formato online ou papel, dependendo dos recursos dispoñibles.

Tódolos asistentes terán a posibilidade de se inscribir nos obradoiros que a Fundación Ronsel porá en marcha en Galicia para a mellora destas competencias durante 2018. Preguntar condicións.

MARTES 20 A TÚA EMPRESA CO MÉTODO LEAN

“Un camiño é unha oportunidade para ... evolucionar”

Aplicación da metodoloxía Lean, que supón testar e adaptarse constantemente ao mercado, para introducir nas rutinas dos/as emprendedores/as os hábitos que lles permitan programar actividades que doten de ferramentas para a consolidación da súa empresa.

Avaliación – Diagnóstico –
Comunicación
Modelo – Validación
Execución – Análise

Realización dun Business Model Canvas e de dinámicas de avaliación en grupo.

Tódolos participantes terán a posibilidade de se inscribir nos obradoiros que a Fundación Ronsel porá en marcha en Galicia sobre o método Lean durante 2018. Preguntar condicións.

MÉRCORES 21 PROBA DE MERCADO, PONTE A VENDER

“Un camiño é unha oportunidade para ... experimentar”

O test de mercado ten unha aplicación directa entre a relación do produto ou servizo comercializado e a aceptación e opinión do cliente sobre o mesmo. Realizaren este tipo de test dende o momento da definición do que imos comercializar reduce os custos, os riscos e axuda a definir un produto ou servizo axeitado cara un cliente que, ao mesmo tempo, conseguimos atopar.

Deseño dun test axeitado para o teu negocio.

Preguntas axeitadas, interpretación das respostas.

Capacidade de comercialización, adaptación ao cliente.

Mínimo produto viable.

Elaboración dun modelo de test e dinámicas de grupo para expoñer a definición de mínimo produto viable sobre casos reais.

Tódolos participantes terán a posibilidade de se inscribir nos obradoiros que a Fundación Ronsel porá en marcha en Galicia sobre Proba de mercado durante 2018. Preguntar condicións.

XOVES 22

MENTORING, REDUCE OS TEUS RISCOS

“Un camiño é unha oportunidade para ... aprender”

Explicación do programa de mentoring para apoiar a emprendedores/as, establecendo os criterios e obxectivos da relación. O rol do mentor afástase dos conceptos técnicos e se achega á figura do conselleiro con experiencia en procesos de decisión e/ou empresariais.

Normas e condicións para unha relación de mentoring.

O proceso de “matching”, ou emparellamento.

Frecuencia e duración do proceso de mentoring.

Visionamento e análise de vídeos de entrevistas de mentoring.

Visionamento de exemplos de relación de mentoring e realización de dinámicas para a aplicación e análise desta metodoloxía.

Tódolos participantes terán a posibilidade de se inscribir no programa de mentoring que a Fundación Ronsel porá en marcha en Galicia durante 2018. Preguntar condicións.

VENRES 23

POP-UP STORE, DARSE A COÑECER

“Un camiño é unha oportunidade para ... avanzar”

Os eventos, os edificios ou locais pop-up prodíganse coma ferramentas que permiten aos novos negocios con base en internet achegarse aos seus clientes dun xeito físico, coñecer novos clientes e contornas diferentes das que adoitan frecuentar e sumar forzas para competir. Aos novos/as emprendedores/as interésalles saber como funcionan, quen os promoven, seleccionar o axeitado ou delimitar a participación en recursos e espazo.

Saberemos como funcionan, quen os promoven e como seleccionar o máis axeitado a través da análise de casos e dinámicas de grupo.

ACTIVIDADES DIARIAS (DE LUNS A VENRES)

14 -15 h

XANTAR & NETWORKING

Tódalas persoas inscritas poderán asistir a un xantar lixeiro no que poderán compartir opinións, experiencias e contactos co resto de asistentes.

15 - 18 h

PON UN MENTOR NA TÚA VIDA

Cada tarde, se porán a disposición do público o número limitado de 15 entrevistas con mentores experimentados.

Cada entrevista ten unha duración de media hora e é preciso inscribirse previamente na nosa web. Trala inscrición, nos poremos en contacto para acordar horario e mentor.